



SERVICIO JSON DO ESTADO ACTUAL DAS ESTACIÓNS METEOROLÓXICAS

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos datos presentados polo arquivo en formato JSON para o estado actual das estacións meteorolóxicas de Meteogalicia con ligazón:

<https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/observacion/estadoEstacionsMeteo.action>

Este JSON permite coñecer o estado actual das estacións meteorolóxicas de Meteogalicia que actualmente están en servizo. Ademais dos datos da estación, amosa os datos do estado actual: estado do ceo, temperatura, tendencia da temperatura, sensación térmica e vento.

Para ver máis información sobre sobre a Rede de estacións meteorolóxicas consulte a páxina web:

http://www.meteogalicia.gal/observacion/estacions/estacions.action?request_locale=gl

Introdución formato JSON

El formato JSON ¹(JavaScript Object Notation - Notación de Objetos de JavaScript) es un formato ligero de intercambio de datos.

JSON está constituido por dos estruturas:

- Una colección de pares nombre/valor.
- Una lista ordenada de valores.

Estrutura do arquivo JSON

Este arquivo está formado por un único par de nome *listEstadoActual* cuxo valor está formado por un lista de elementos que identifican cada unha das estacións e aporta información sobre o estado actual meteorolóxico que recolle. Cada un destes elementos está formado polos seguintes par/valor:

altitude: Altitude da estación, expresada en metros.

concello: Nome do concello donde se atopa a estación.

estacion: Nome da estación.

idEstacion: identificador numérico único da estación.

lat / lon: latitude e lonxitude WG84 respectivamente donde se atopa a estación.

provincia: provincia galega donde se encontra a estación.

utmX / utmY: lonxitude (UTMX-29T ETRS89) e latitude (UTMY-29T ETRS89) respectivamente donde se atopa a estación.

1 Para máis información sobre el formato JSON consulte: <http://www.json.org/json-es.html>



dataLocal: data e hora local da lectura mostrada.

dataUTC: data e hora UTC da lectura mostrada.

lnlconoCeo: código que fai referencia a unha icona representativa do estado do ceo:

VALOR	SIGNIFICADO
101	Despexado
103	Nubes e claros
105	Cuberto
107	Chuvascos
111	Chuvia
201	Noite sen chuvia
211	Noite con chuvia
-9999	Sen dato

lnlconoTemperatura: código que fai referencia a unha icona de temperatura representativa da tendencia da mesma, indicando si a temperatura está subindo, baixando ou se atopa estabilizada.

VALOR	SIGNIFICADO
-9999	Sen dato
400	Temperaturas en descenso
401	Temperaturas sen cambios
402	Temperaturas en ascenso

lnlconoVento: código que fai referencia á dirección e intensidade do vento.

VALOR	SIGNIFICADO
-9999	Sen dato
301	Dirección N, intensidade feble
302	Dirección NE, intensidade feble
303	Dirección E, intensidade feble
304	Dirección SE, intensidade feble
305	Dirección S, intensidade feble
306	Dirección SW, intensidade feble
307	Dirección W, intensidade feble
308	Dirección NW, intensidade feble
309	Dirección N, intensidade moderada
310	Dirección NE, intensidade moderada
311	Dirección E, intensidade moderada
312	Dirección SE, intensidade moderada
313	Dirección S, intensidade moderada
314	Dirección SW, intensidade moderada
315	Dirección W, intensidade moderada
316	Dirección NW, intensidade moderada
317	Dirección N, intensidade forte
318	Dirección NE, intensidade forte
319	Dirección E, intensidade forte
320	Dirección SE, intensidade forte



321	Dirección S, intensidade forte
322	Dirección SW, intensidade forte
323	Dirección W, intensidade forte
324	Dirección NW, intensidade forte
300	Vento variable

(Para calquera dos casos, o valor "-9999" significa que o dato non foi rexistrado.)

valorSensTermica: valor da sensación térmica calculada según o heat index.

valorTemperatura: valor medido da temperatura.

Parámetros de consulta

Por defecto (sen parámetros) este servizo devolve a información para todas as estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia en servizo.

Para consultar a información de unha ou varias estacións concretas pode utilizar o parámetro **idEst**, ao que lle hai que engadir o identificador ou identificadores das estacións que desexe consultar. Si son varias, os identificadores teñen que ir separados por coma (,).

Os identificadores de todas as estacións meteorolóxicas en servizo de MeteoGalicia pode obtelas do seguinte servizo JSON:

<https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/observacion/listaEstacionsMeteo.action>

Para máis información sobre este servizo pode consultar o seguinte documento:

https://www.meteogalicia.gal/datosred/infoweb/meteo/docs/rss/JSON_listaEstacionsMeteo_gl.pdf

Exemplos:

Por exemplo, a estación Santiago-EOAS ten o identificador numérico 10124, polo que a consulta sería:

<https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/observacion/estadoEstacionsMeteo.action?idEst=10124>

No caso de varios identificadores a consulta sería:

<https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/observacion/estadoEstacionsMeteo.action?idEst=10124,10045>